

A stylized, colorful illustration of a landscape. The foreground features rolling green hills in various shades of green, with a brown path winding through them. On the left, there is a green tree with a brown trunk, a purple flower, and an orange flower. A small red bird is flying in the sky above the tree. The background consists of light blue and white wavy bands, suggesting a sky or water. The title 'FLORA E FAUNA GALEGA' is written in blue, uppercase letters across the middle of the image.

FLORA E FAUNA GALEGA

ACTIVIDADE 1: OS GARDAS FORESTAIS

Exercicio 1º: Coñecer a historia dos axentes forestais e as súas funcións básicas

Indicacións:

Acceder ao PDF que leva por título A historia dos gardas forestais. Elaborar un cadro resumo do artigo.

Para elaborar o cadro débese organizar a información en diferentes bloques. Primeiro farase de xeito individual, despois en grupos de 6 facendo achegas cada membro. Unha vez a posta en común vólvese ao traballo individual. Unha vez rematada a actividade individual, vólvese ao grupo para rematar a actividade en grupo. Unha vez rematada, os membros do grupo asumen diferentes papeis.

1º: copiar o texto nun procesador de texto. Debe realizar a revisión ortográfica. (capitán)

2º: Deseño dun modelo onde se vai incluír o texto. Tipo de letra, marxes, títulos, sangría... Suxestións de redacción ao integrante 1. (adestrador)

3º: Editar imaxes do artigo adaptándoas ao modelo de entrega do traballo. Referencia correcta e deseño da imaxe do tipo de licenza do traballo. (fotógrafo)

4º: deseño da portada do traballo (imaxes, cores...)

5º: deseño da imaxe da portada (encargado de material)

6º: Montaxe do traballo. (periodista)

TEMPOS: o 1ª, 2º, 3º, 4º e 5º poden traballar ao mesmo tempo. O 6º axudaos no que precisen. Na montaxe aínda que o responsable é o 6º, os demais compañeiros están con el e fan suxestións.


Tempo para realizalo: dúas sesións. Debemos acostumarnos a entregar un traballo cunha limitación temporal e adaptarnos ao tempo dado.

Resultado final: traballo nun procesador de textos e defensa do seu traballo ante o resto de grupos. Explicar eleccións de bloques, imaxes, formatos... Tamén deben explicar como se organizaron para traballar que funcionou e que deben mellorar.

Aula virtual: de xeito individual subir o traballo e no mesmo documento nunha páxina despois da bibliografía unha crítica constructiva sobre os demais traballos presentados. Débese subir na actividade que leva por título A HISTORIA DOS GARDAS FORESTAS

ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO E DO MOBILIARIO NO INICIO DA ACTIVIDADE

EXERCIZO: decidir o tempo de traballo individual, grupal e tempo de uso da mesa de reunión grupal. O tempo de reunión grupal decídeo o capitán de cada grupo. Establecen quendas.




Mesa de
reunión grupal

Mesa de
reunión grupal

ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO E DO MOBILIARIO NO INICIO DA ACTIVIDADE

EXERCIZO: realizar un bosquexo do traballo de xeito individual e acudir a mesa de reunión grupal na súa quenda de posta en común.




Mesa de
reunión grupal

Mesa de
reunión grupal

ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO E DO MOBILIARIO NO INICIO DA ACTIVIDADE

EXERCIZO: *deseño e presentación do traballo.*

EXERCIZO: *decidir como colocarse en función do traballo a realizar para ter preto á persoa coa que temos que estar máis en contacto para que o traballo sexa máis rápido e eficaz.*



Cómo
organizanos?

Mesa de
reunión grupal

Mesa de
reunión grupal

ACTIVIDADE 2: REDE NATURA

Exercicio 1º: acceder a páxina web de AEAFFMA e localizar a páxina da Asociación Profesional de Axentes Forestais de Galicia.

Indicacións:

Exercicio individual.

Accede á páxina web de AEAFFMA (Asociación Española de Axentes Forestais e Medioambientais) <http://www.agentesforestales.org/aeafma.html> e navega pola páxina. Observa o menú da páxina web e localiza o apartado dende se pode acceder para consultar os axentes forestais e medioambientais en España. Fai unha captura de pantalla cando teñas a páxina web de APRAFOGA e súbea a tarefa que leva por título APRAFOGA.

ACTIVIDADE 1: REDE NATURA

Exercicio 2º: Analizar o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Indicacións:

Traballo grupal.

Mantendo os grupos deben buscar e clarificar os seguintes conceptos clave. Cada grupo un concepto. Despois explicación grupal e cada quen, de xeito individual toma as anotacións que crea necesarias. Débese explicar que van definir algo (concepto) Debemos traballar como identificar conceptos puros e redactalos.

- *DC 92/43/CEE*
- *ZEPVN/UC/ZEPA*
- *ÁREAS DE PROTECCIÓN*
- *ÁREAS DE CONSERVACIÓN*
- *ÁREAS DE USO XERAL*
- *LIC, ZEC*

Exercicio 3º: Intrepetar mapas e complementar a información que conteñen.

Indicacións:

Traballo grupal.

Asignamos aos grupos os seguintes mapas que aparecen no PDF de Rede Natura:

- *Mapa Zepa*
- *Mapa Rexións Bioxeográficas*
- *Mapa Lic e Zepa de España*
- *Lugares LIC Galicia 1*
- *Lugares LIC Galicia 2*
- *Lugares LIC Galicia 3*

- *Cada grupo debe organizarse para realizar os seguintes exercizos:*
- *captura da imaxe no PDF e edición. Referenciar a fonte.*
- *Buscar imaxes sobre os lugares indicados no mapa e indicar cunha frecha o lugar no mapa.*
- *Calcular a distancia que hai dende o centro ata o lugar indicado. Acotamos 10 lugares.*
- *Presentar todo nunha presentación en Power Point ou Impress. O capitán debe enviar a presentación ao resto do equipo. Cada membro añade o seu parecer sobre o traballo dos demais grupos e convértea nun documento PDF. Cada alumno debe subila na aula virtual na actividade que leva por título MAPAS DE REDE NATURA 2000.*

Exercicio 4º: espazos naturais protexidos

Indicacións:

Traballo grupal.

Asignamos aos grupos os seguintes mapas que aparecen no PDF de Rede Natura:

- *Parque Nacional*
- *Paisaxes protexidos*
- *Parques naturais*
- *Humedais*
- *Monumentos Naturais*
- *Outros espazos*

Deben realizar unha presentación en Prezi con fotografías, descrición da súa situación, vídeos e expoñelo a aula. Reflexión grupal dos que temos preto e podemos visitar.

Exercicio 5º: zonificación. Traballo individual e libre sobre as zonas delimitadas coa información contida no PDF de Rede Natura.

Indicacións:

Traballo individual.


- Subilo en formato PDF na actividade que leva por nome ZONIFICACIÓN REDE NATURA*

ACTIVIDADE 3: IDENTIFICAR A FLORA GALEGA (iniciación)

Exercicio: traballar co Jclic que leva por nome Identificar árbores.

ACTIVIDADE 3: IDENTIFICAR A FAUNA GALEGA (iniciación)

Traballo na web de identificación de pisadas de animais e identificación de sons de paxaros. Recoméndanse as seguintes obras:



Autor: José Luis Gallego

Grabaciones del CD: Eloísa Matheu

Fotografías: Óscar J. González


Ilustraciones: Óscar Julve

Publicado por: Editorial La Galera

www.editorial-lagalera.com

Fecha de publicación: 2011-08-17 Apoyo:
libro + CD

ISBN: 978-84-246-3373-8




Autores: E.Matheu, Alfons Raspall,
SEO/Birdlife

Publicado por: SEO/Birdlife

Fecha de publicación: 2005

Soporte: CD-Rom PC Win 98/2000/XP



PAISAJES IBÉRICOS

Autores: E.Matheu

Publicado por: Alosa, sons de la natura

Soporte: CD audio

Duración: 60 minutos


ACTIVIDADE 4: ARBORES SENLLEIRAS

Exercicio 1: coñecer dúas historias sobre árbores galegas.

*O alumnado visiona os vídeos do bloque 2 sobre dúas árbores pero non falamos sobre árbores senlleiras.
Exercicio de inicio-motivación.*

Exercicio 2: coñecer árbores senlleiras próximas.

O alumnado visiona o PDF do índice do libro sobre árbores senlleiras. Debe atopar a publicación na páxina da Xunta de Galicia. Cada alumno debe decidir en que consellería, apartado... debe buscar. O docente irá dando pistas ata que atopen o documento.



Autora: Lucía Lorenzo López



Traballo realizado para unha [licenza de formación](#) (Orde do 6 de setembro de 2013 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de licenzas por formación para o curso 2013/14 destinadas a funcionarios docentes non universitarios.DOG Núm. 178, mércores 18 de setembro. Páx. 36839) que leva por título: [Secuencias didácticas para o terceiro ciclo da Educación Primaria inmersas nun proxecto de orientación no medio natural](#), concedida pola Consellería galega de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Traballo baixo unha licenza Creative Commons:

